

Salceda estrea rede wifi
gratuita nos espazos
públicos

Páxina 6

12º Festival
Internacional de
Curtametraxes de Bueu:
128 filmes e 65 actividades

Páxina 10

I Concurso Fotográfico
Enmárcate en Tui e
I Concurso Miñomáxico

Páxina 11

José María Gude será o
homenaxeado no acto
cívico do Alivio

Páxina 13


A Paisaxe do Camiño
Portugués da Costa na
15k do Atlántico 2019

Páxina 15



“Efecto Pasillo” e Dakidarría” nas Festas do Cristo do Porriño

Páxina 3



O PORRIÑO

“Efecto Pasillo” e Dakidarría” nas Festas do Cristo

David Alonso ultima diversas novidades para as Festas do Cristo que acollerán concertos, actuacións musicais itinerantes polos barrios e un autobús descapotable cunha banda de música que irá tocando e animando por todas as parroquias do termo municipal.

O concelleiro informou que xa atén pechados dous concertos: o venres 20 co grupo “Dakidarría”, unha banda de ska punk fundada en Nigrán en 2003 e o sábado 21, co grupo canario “Efecto Pasillo” que entre outros cantan o coñecidísimo tema “Cuando me siento bien”.

Por outra banda para incrementar a animación nas prazas e rúas da cidade está a preparar unha serie de actuacións musicais itinerantes con grupos de folk, blues, jazz e charangas que tocarán polos barrios do casco urbán de Porriño. E para a animación nas parroquias, o concelleiro pechou a contratación da Banda de Música de Arcade que irá tocando a bordo dun autobús descapotable por todas as parroquias do termo municipal. Tanto a música itinerante como a banda en autobús serán o 29 de setembro, coincidido cos Callos e co Raly Mix “Concello do Porriño” que é outra das novidades deste ano xa comentada.



Efecto Pasillo



Dakidarría

En canto as verbenas, o concelleiro quere recuperar que actúen en sitios emblemáticos da vila como a rúa Antonio Palacios e a Praza Central. Entre as orquestras xa contratadas figuran “La Fórmula”, “América” e “Charleston”.

I Rally Mix durante as Festas do Cristo

O Concello de Porriño e a Federación Galega de Automobilismo trataron hoxe dos detalles da organización do “I Rally Mix Concello de Porriño” que terá lugar durante o fin de semana do 28 e 29 de setembro, é dicir durante o chamado “Recristo” e nas datas da Festa dos Callos. Trátase por tanto dun novo aliciente para a Semana Grande das festas patronais de Porriño.

A organización do evento correrá a cargo da “Escudería Surco” de Salvaterra do Miño coa colaboración da Federación e co patrocinio do Concello. A proba terá dúas mangas: unha na tarde do sábado 28 e a segunda, na mañán do domingo 29 de setembro.

Os detalles abordaron este mediodía nunha reunión de traballo celebrada no Concello de Porriño que presidiu

Lourdes Moure, alcaldesa accidental na que participaron Daniel Rodríguez, Inspector Xefe da Policía Local, representantes da Escudería Surco e Iván Corral, presidente da Federación Galega de Automobilismo e Benigno Vázquez Colino, responsable de marketing da mesma federación.

O traxecto das dúas mangas será ó

longo do termo municipal. Tendo en conta que un Rally Mix é unha modalidade de competición que se desenrola sobre terreno mixto e que o percorrido da proba non se desvela ata horas antes para imposibilitar os adestramentos, habera unha certa dose de misterio. Ademais poden participar dende KartCross ata carrozados de todo tipo.

Precio unificado a 5 euros das racións na Festa dos Callos

Trinta e cinco establecementos de hostelería de Porriño participarán na XXVI edición da Festa dos Callos. O certame gastronómico que organizan Concello de Porriño e a asociación empresarial Acipor terá lugar o 29 de setembro durante as festas patronais e constitúe un dos principais reclamos para milleiros de visitantes que acuden nesas datas a Porriño.

Unha das novidades deste ano será o prezo da ración que unificase a 5 euros por acordo dos organizadores e dos establecementos de hostelería que mantiveron onte unha reunión preparatoria. Outro dos acordos foi a elección do cartel anunciador da Festa que será presentado o martes 24 de setembro nun acto a celebrarse na praza do Concello cunha degustación de callos para os asistentes.

Obradoiros para mulleres

O Concello de Porriño a través da Concellería de Igualdade e o Centro de Información ás Mulleres (CIM) está a realizar no último cuatrimestre do ano unha serie de obradoiros en pro a fomentar o crecemento persoal das mulleres.

Esta semana desenrolase un obradoiro de “Coaching ontolóxico: Biodanza” que se impartirá ata o 20 de setembro.

Na mesma liña o xoves 5 de setembro dará comezo outro obradoiro que comprende catro módulos a desenvolver nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro. Está organizado por “Xustinea” e forma parte do Programa Integral de “Mulleres Mundando o Rural” no que colabora a Concellería de Igualdade do Concello do Porriño.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Estrea das novas máquinas no ximnasio do Polideportivo Municipal

O concelleiro, David Alonso e Julio Bernárdez, xefe do Servizo de Deportes comprobaron as oito novas máquinas instaladas no ximnasio do Pavillón de Porriño. A estrea realizarase o luns 2 de setembro.

O Concello de Porriño ven de investir 18.000 € na adquisición destas máquinas e diverso material deportivo para os usuarios destas instalacións.

O concelleiro de Deportes indicou que as catro máquinas que se retiran serán cedidas a diversos clubs da vila.

Por outra banda durante a visita ás instalacións, o concelleiro comprobou as melloras que se están a implementar na piscina municipal cun investimento de 30.000 euros. A maiores o concelleiro agarda iniciar de inmediato as obras de impermeabilización nos voladizos da entrada á piscina que están valorados en 40.000 €.

Asimismo a partires do luns o concelleiro agarda que se poidan acometer



as tarefas pendentes de lixado, pulido e barnizado que mediante tres quendas de traballo rematarían en dúas semanas. Durante eses quince días acometeríase primeiramente a pista 2 e logo a pista 1, axustando as labouras cos calendarios dos equipos de balonmán e baloncesto. O investimento para estas obras será de 48.000 €.

Concluídas as obras de valado e sinalización das canteiras

A mellora do valado e peche perimetral e a ampliación da sinalización de perigo xa remataron conforme o acordo acordado polo Concello de Porriño e titulares das explotacións de Atios para bloquear o acceso de bañistas e curiosos ás canteiras. Tamén se adiantou o portalón de acceso á zona.

Todas estas medidas foron acordadas o pasado 27 de xullo durante a reunión presidida pola alcaldesa Eva García á que asistiron representantes das firmas concesionarias en representación de "Pocasa" ("Porriñesa de Canteiras") e do empresario Manuel Carrera Lorenzo, titular da canteira "Arcace nº 21" que era a canteira onde acudían máis bañistas

e curiosos.

Todo este paquete de medidas "son para protexer a seguridade de todos" segundo valorou a alcaldesa que engadiu que "acceder ás canteiras e bañarse nelas supón un acto de manifesta irresponsabilidade que pon en perigo a integridade física de quen o fai e dos que lles acompañan", rematou Eva García.



As obras de reforma da "Galiña Azul" de Torneiros realizáronse en quince días

As obras de reforma de espazos e mellora da gardería de Torneiros, vencellada a rede "Galiña Azul" da Xunta de Galicia, están practicamente rematadas como comprobou unha comitiva municipal encabezada pola alcaldesa, Eva García e a concelleira de Educación, Lourdes Moure.

En presenza das responsables e persoal da gardería así como de algunhas nais que estaban a colaborar en tarefas de limpeza, a comitiva municipal comprobou o resultado das obras. Na zona dos nenos de 0 e 1 anos e de 1 e 2 habilitáronse novos espazos de baños, lavabos e cambiadores así como novo mobiliario. Asimesmo se habilitou outra nova dependencia, unha "aula de soño" e se renovaron instalación eléctricas



e de fontanería.

Por outra banda tamén pintáronse aulas e espazos común e se instalaron detectores de fume e outras medidas de seguridade recomendadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Esta administración, dependente da Xunta de Galicia otorgou luz verde ó proxecto o pasado 14 de agosto razón pola que as obras empezaron o festivo 15

e os traballos tiveron que realizarse en dúas semanas.

O Concello de Porriño enviará a persoal para que faga a limpeza xeral das instalacións a fin que se poida abrir a Galina Azul de Torneiros para o vindeiro xoves día 5.

O custe final das obras é de 48.054 e son aboadas polo Concello de Porriño con cargo á partida de cofinanciación coa Xunta de Galicia.

XXI Merca na Rúa, Feira de Oportunidades



Vintecinco establecementos de Porriño e concellos limítrofes participaron na XXI edición de "Merca na Rúa, Feira de Oportunidades" que vai ter lugar o vindeiro fin de semana na zona peonil da vila.

Haberá 28 stands (algunhas das firmas doblan) que ofrecerán "descontos de ata o 80% xa que a intención é liquidar os restos da tempada", explicou Noelia Conde, xerente de ACIPOR e im-

pulsora de "Morea, Centro Comercial Aberto do Porriño".

A iniciativa do tecido comercial da vila foi louvada tanto por Sergio Casal, concelleiro de Comercio como por David Alonso, edil de Emprego que comentou que "actualmente en Porriño hai 1.200 autónomos dos que o 60% adicanse ó sector servizos de xeito que eventos como este axudan a dinamizar e son moi de agradecer".

O PORRIÑO

O goberno municipal co apoio da maioría salvagarda os pagos ás empresas e provedores de Porriño

O Goberno Municipal de Porriño co apoio da maioría da corporación “garante o pagamento ós empresarios e provedores de Porriño fronte á política de atrancos do PP que aínda non asumiu que non gobernará este concello neste mandato”, manifestou Eva García, alcaldesa da vila.

De xeito que a maioría da Corporación coa suma de votos de concelleiros do PSOE, EU Son, BNG e grupo mixto (Manuel Carrera) derrotou as propostas do Partido Popular durante a sesión celebrada este mediodía.

O PP pretendía con este pleno extraordinario convocado pola súa iniciativa, frear os pagos a provedores e empresas oponéndose ás modificacións de crédito prantexadas. Así mesmo o PP demandaba “unha revisión de oficio de toda a facturación dos exercicios 2016, 2017 e 2018 para depurar as irregularidades que se tiveran cometido”, segundo expuxo o voceiro Alejandro Lorenzo.

“Iso suporía atrancar o funcionamento do Concello de Porriño durante anos e terminar pagando con xuros o que se debe” respondeu Lourdes Moure, concelleira de Fazenda que lembrou o voceiro da oposición “cando vostede estivo no goberno municipal con Nelson Santos aprobaron pagos de facturas por 18 millóns de euros mediante modificacións de créditos e recoñecementos extraxudiciais”, sinalou a voceira socialista.

“Unha revisión xeral de oficio da facturación pendente sería unha temeridade” segundo Manuel Carrera mentres que Pedro Pereira e Pedro Ocampo tamén coincidiron en manifestar durante o pleno o seu rexeitamento a unha revisión de oficio “que sería unha temeridade” apostillou o voceiro do BNG. Pola súa banda Ocampo fixo a observación de que na conta 413 “sí se revisarán algunhas das facturas segundo acordamos na comisión informativa”, extremo co que estiveron de acordo BNG e PSOE.



Os concelleiros do PP presentaron votos particulares contra as modificacións de crédito propostas polo goberno municipal. Os votos particulares foron derrotados e as propostas do goberno municipal saíron con 9 votos a favor (PSOE, EU Son, BNG e Carrera) e 8 abstencións (PP).

Unha desas modificacións de crédito, polo tanto aprobada hoxe, por importe de 473.000 euros é para pagar facturas con recoñecemento extraxudicial a dez empresas por servizos

e obras. A aprobación da operación garante o pagamento en breve.

A outra modificación é por importe de 1.700.000 euros. O acordo adoptado hoxe pola maioría da Corporación determina a xeneración do crédito para o pagamento a 238 provedores e empresarios do Concello de Porriño. Agás aquelas facturas que deban ser revisadas segundo o acordó de PSOE, EU Son e BNG. Para as restantes aínda que estará a súa ratificación no seguinte pleno que

será o ordinario de setembro.

Outro punto da sesión era a ratificación do contrato coa empresa “Ascan” para a limpeza viaria conforme decidiu hai meses a mesa de contratación. O PP pretendía derogar esa adxudicación alegando supostas deficiencias na prestación e tamén prantexou un voto particular que foi derrotado pola maioría da corporación. Sergio Casal, concelleiro de Medio Ambiente do goberno municipal defendeu a adxudicación que “foi decidida nunha mesa de contratación con catro técnicos sen intervención de políticos”.

A adxudicación a “Ascan” foi ratificada con 7 votos a favor (PSOE, EU Son e Carrera) e 10 abstencións (PP e BNG).

Por último, nesta sesión plenaria quedaron finalmente aprobadas as retribucións da alcaldesa e concelleiros que forman o goberno municipal en réxime de adicación exclusiva, asunto que quedou pendente no pleno municipal do pasado 12 de xullo.



LOURIÑA

O PORRIÑO / SALCEDA

Acordo para axilizar a ampliación do centro de saúde do Porriño

Un apretón de mans sellou o acordo entre Consellería de Sanidade e Concello de Porriño para que ambas administracións poñan o máximo empeño en axilizar prazos e execución da ampliación do Centro de Saúde. O compromiso establece que en dous meses licitaráse a redacción do proxecto.

O Conselleiro, Jesús Vázquez Almuiña e a Alcaldesa de O Porriño, Eva García de la Torre escenificaron a firma do convenio polo que o Concello cede unha parcela anexa e comprométese a prestar os servizos e suministros necesarios para a posta en funcionamento do Centro de Saúde. Pola súa banda, a Consellería executará a obra de ampliación e se encargará da dotación de material e persoal.

Conselleiro e Alcaldesa presidiron a reunión celebrada este mediodía na sé da Consellería en Santiago. No encontro estiveron os concelleiros do grupo EU Son, Pedro Ocampo e Blanca



Francés, invitados pola alcaldesa a formar parte da representación municipal en recoñecemento ó seu protagonismo na reivindicación desta mellora sanitaria. Pola banda da Consellería, Vázquez Almuiña estivo acompañado por Alberto Fuentes, secretario xeral técnico, e por Antonio Fernández Campa. Xerente do SERGAS.

A reunión foi produto de que o conselleiro de Sanidade atendera a queixa recente formulada polo Concello por unha descortesía institucional por non ter recibida información alguna do Conselleiro nin do seu staff sobre a licitación da redacción do proxecto comunicada hai uns días polo Sergas a través dunha nota de prensa.

Salceda estrea rede wifi gratuita nos espazos públicos

Con motivo da XXVII Festa dos Callos, o Concello de Salceda botou a andar un servizo de wifi gratuïto en diferentes espazos públicos, para o uso do público en xeral.

O sistema conta coas últimas tecnoloxías wifi de 2,4 e 5 Ghz, capaz de soportar un gran número de usuarios/as sen descenso do rendemento. Conta con puntos de acceso na Praza do Concello, Casa da Cultura Castelao, Praza da Devesa, CDL O Torrón e Pavillón Municipal, e garantirá o acceso gratuïto mediante banda ancha ao público en xeral, o que garantirá tamén o acceso á administración electrónica, eliminando a barreira que supón para unha parte da cidadanía o acceso a internet. A Unión Europea supervisará que se cumpran en todo momento os criterios de calidade da conexión, que non debe baixar de 30 Mbps, e debe estar garantida por un período mínimo de tres anos.

O proxecto supuxo un investimento de 28.846,60 €, dos cales 15.000 € son aportados pola Unión Europea dentro do programa wifi4eu, e o resto polo propio Concello.



O programa wifi4eu estase a implantar en milleiros de municipios de toda Europa, dos cales unha vintena son municipios galegos, polo que para Salceda é un privilexio poder formar parte do programa.

Salceda foi un dos cinco primeiros municipios de Galicia en beneficiarse do programa, xunto con Cerdido, Oleiros, Rianxo e Toén, aínda que na actualidade o proxecto xa está a chegar a unha vintena de concellos galegos.

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

SALCEDA DE CASELAS

“Callos en igualdade” en Salceda

Na presentación da XXVII Festa dos Callos de Salceda que se celebrou o pasado domingo a Alcaldesa, Loli Castiñeira, que afrontaba por vez primeira esta festa como rexedora, estivo acompañada do seu Concelleiro de Cultura Alex Rodríguez, do Presidente do grupo Señorío de Rubiós Antonio Méndez e dos representantes do grupo Coren Fernando Córdoba e Alejandro Alonso, que un ano máis foi o encargado de dirixir a preparación dos callos na mesma Praza do Concello. Precisamente Alejandro confirmaría que se prepararian 20.000 racións de callos, para as cales ían empregar 1800 kg de ventre de vacuno, 900 kg de carne de pata de tenreira, 2.100 kg de garbanzo remollado, 425 kg de lacón e 350 kg de chourizo galego, co seu sofrito correspondente, que sumarían un total de máis de 5.000 quilos de produto. A preparación dos callos comezou de véspera para ter o produto preparado

ás 8:30 para empezar a despaçar sobre as 9:30. Fernando Córdoba, director da unidade de negocio do grupo de Coren definía a Alejandro como un claro referente de esforzo, traballo, compromiso, dedicación e sobre todo cercanía coa cultura galega.

Efectivamente as nove da mañá xa aparecerían os veciños de Salceda dispostos a levarse os callos pra casa. Así comezaria unha xornada festiva na que se degustaron máis de 20.000 racións de callos. De tal xeito que sobre as tres da tarde xa tiveron que deixar de vender tikes porque non quedaba mercancia. Aínda engadíndolle refuerzo de callos na reserva que se trouxeron das instalacións de Coren no Porriño.

A ración de callos para degustar na propia festa, incluíndo o viño, o pan, o prato e a taza conmemorativas tiña un prezo de 8 €, podendo tamén levar os callos “en tarteira” a 6 € a ración. Ademais, por terceiro ano, na festa servíronse tamén



callos sen gluten para que as persoas celíacas non deixaran de disfrutar do evento.

Os callos estiveron acompañados por un tinto Sousón de Señorío de Rubiós, con Stand propio na Festa.. O Presidente do grupo Antonio Méndez agradeceu á corporación por darlles a oportunidade de presentar nesta exquisita festa o seu tinto da uva máis abundante de Rubiós, a variedade Sousón. Os tintos de Rubiós sempre foron famosos polo “retinto” que é a variedade Sousón, constituíndo un 90% da uva producida en Rubiós. Ademais do Sousón no propio stand vendían outros viños da mesma Adega de Rubiós. Antonio destacou a importancia das festas locais para axudar a promocionar os tintos, que non sempre resulta

doado vender.

O showman Paco Lodeiro foi o encargado de dar o pregón da festa o domingo ás 12 do mediodía, pregoeiro que volvería subirse ao escenario ás 21:00 horas para participar como vocalista na recuperada Orquestra Sur.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, agradeceu o traballo inmenso do Concelleiro de Cultura Alex Rodríguez para sacar a festa adiante, así como o traballo e as ganas do equipo de goberno, recién chegado. A alcaldesa definiu a Salceda como a capital dos callos “por constancia, por traballo e porque as diferentes persoas que lles tocou nas edicións anteriores traballaron arreo”, falando dunha festa que foi medrando no eido turístico, con milleiros de persoas ao longo

de toda a fin de semana.

Foron ademais os primeiros “callos en igualdade” dentro da campaña “Agresión off” con actividades toda a xornada e establecendo a igualdade como un dos eixos fundamentais neste mandato, en palabras da propia alcaldesa, que quixo tamén realizar un agradecemento especial ás máis de 40 persoas voluntarias, protección civil e traballadores/as do Concello que a pesar de ser pouca xente botan unha man para que a festa saia adiante e sen cuxo esforzo sería moi difícil para un Concello pequeno como Salceda sacar adiante unha festa destas dimensións.

Como novidade destacar que nesta edición non se instalou a “carpa oficial” na que as autoridades locais recibían aos seus convidados

Salceda disporá dun gabinete de atención temperá a partir de setembro

O Concello de Salceda botará a andar a partir do mes de setembro un gabinete de atención temperá para atención á poboación infantil de 0 a 6 anos co obxectivo de dar resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

O gabinete contará cun equipo especializado formado por un mínimo de tres integrantes dos campos da psicoloxía, logopedia e fisioterapia, e atenderá tres días da semana en Salceda e dous nas Neves. O servizo está financiado nun 80% pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, para o que ven de conceder unha partida de 15.603,17 € que o equipo de goberno solicitara na anterior lexislatura e que agora bota a andar a través da Concellaría de Be-

nestar Social.

O Concello de Salceda de Caselas amplía así a súa carteira de servizos á infancia. O Gabinete de atención temperá únese ao servizo de pedagogía e logopedia co que xa conta o Concello dende fai unha década, e que o converte nun dos poucos Concellos de Galicia que ofrece estes dous servizos.

Nesta semana, a alcaldesa accidental Verónica Tourón e a Concelleira de Benestar Social, Ángela Ledo, reuníronse coa Concelleira de Benestar



Social do Concello de As Neves, Pilar González, para coordinar a posta en marcha do servizo, que se fará nas vindeiras semanas, e que no caso de Salceda terá lugar no Centro Social da Devesa. Verónica Tourón e

Ángela Ledo coincidiron en apuntar que “estamos a falar dun servizo esencial nos primeiros anos dos nenos e nenas, xa que dunha boa diagnose pode depender o seu futuro persoal e académico”.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

A obra denunciada pola Xunta de Galicia contaba co seu permiso verbal

A Alcaldesa de Salceda de Caselas, ante a comunicación emitida pola Xunta de Galicia a través dos medios de comunicación, trasladou que o Concello de Salceda actuou en todo momento en contacto coa Xunta de Galicia, contando con permiso telefónico e verbal do vixiante de zona para acometer a mellora, e solicitando o permiso por escrito tal e como se comprometeron. Así mesmo, dende o Concello tense xa solicitado o traspaso da titularidade do vial, polo que a Xunta quedaría libre de calquera tipo de responsabilidade á que agora fan referencia. Sen embargo a Xunta de Galicia emprega a prensa como canle de comunicación, trasladando por este medio a apertura de expediente sancionador ao Concello, feito que a día de hoxe non consta por ningún outro medio que non sexa a prensa.

Dende o Concello de Salceda amosaron a súa sorpresa ante a presunta apertura dun expediente sancionador polo feito de solucionar un problema de acceso da veciñanza da parroquia de Entenza fundamentalmente. O acceso perigoso á glorieta que menciona a Xunta de Galicia non se modificou por parte deste



Concello, e leva así máis de dúas décadas, sendo a Xunta a responsable do mesmo durante todos estes anos. Sorprende que non se desen conta desa suposta perigosidade xusto ata o momento no que o Concello de Salceda solicita actuar no vial, e que agora si, decidisen actuar no mesmo e obstaculizar o acceso e saída dos vehículos que o empregan.

Con esta actuación a conclusión é que ante a derrota do Partido Popular de Salceda nas últimas eleccións locais e a formación dun novo goberno de esquerdas, a Xunta de Galicia decide ignorar a premisa fundamental do principio de colaboración entre administracións, e entorpecer deste xeito as actuacións que poidan favorecer a veciñanza de Salceda, que terá que pa-

gar por motivos políticos coa complicidade do Partido Popular de Salceda.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, amosouse satisfeita por unha obra que soluciona un problema da veciñanza, incidindo en que as cuestións políticas non van priorizarse en ningún momento sobre os intereses dos veciños e veciñas de Salceda. "Agradecemos enormemente a colaboración dos propietarios dos montes lindantes, que cederon os seus terreos e facilitaron os traballos en todo momento polo ben común da veciñanza. Agardamos que xa que a Xunta de Galicia conta con toda a documentación precisa enviada dende o Concello resolvan tanto o permiso como a cesión da titularidade de xeito favorable canto antes".

Salceda solicitará a desafectación da aula de Revolta para poder darlle novos usos



O Equipo de Goberno de Salceda levará ao Pleno ordinario do mes de agosto a solicitude de desafectación da que foi a escola de Revolta, na parroquia de Parderrubias. O edificio permanece pechado dende que no ano 2015 a Xunta de Galicia o deixase sen actividade alegando falta de alumnado, e dende entón non se lle deu outra utilidade.

O Goberno pretende agora recuperar o edificio para usos socioculturais, tendo en conta o bo estado do mesmo, así como a súa ubicación facilmente accesible, polo que o primeiro paso será propoñer ao Pleno a desafectación do edificio, o venres 30 de agosto, en espera de que esta sexa aprobada por unanimidade da corporación.

O Concello segue así co proceso de recuperación dos edi-

ficios en desuso, como está a facer na actualidade co edificio da antiga escola de Vendanova, na parroquia de San Xurxo, que na actualidade está a ser recuperada para reconvertila nun centro para maiores con enfermidades dexeñerativas como o alzheimer e outras demencias.

Gela Ledo, Concelleira de Educación: "os edificios educativos en desuso son unha excelente oportunidade para destinar a usos sociais e favorecer así a numerosos colectivos que poidan facer uso dos mesmos".

Loli Castiñeira, Alcaldesa: "Salceda ten unha grande demanda de espazos sociocomunitarios polo grande dinamismo asociativo co que contamos, polo que estudiaremos todas aquelas alternativas que poidan favorecer a estes colectivos que tanto enriquecen o noso municipio".



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursoseshanol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

A aceleradora TurisTIC da Deputación abre novas oportunidades a empresas da provincia

A segunda convocatoria da Aceleradora TurisTIC, da Deputación de Pontevedra, serviu para que empresas da provincia comezaran a aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, tanto no desenvolvemento como na posta en marcha do negocio nun sector tan competitivo como o turismo. A convocatoria, que deu comezo en outubro pasado, concitou o interese de 14 empresas candidatas, das que houbo unha selección daquelas firmas en función do seu grao de innovación, a presentación dunha memoria e o perfil das/os empresarias/os candidatas/os.

As empresas seleccionadas resultaron ser Pazo de Rubianes (que abriu en 2012 e desenvolve un produto turístico en torno ao patrimonio botánico, histórico, cultural e vitivinícola desta emblemática finca das Rías Baixas), Celtic Ways (empresa de servizos especializados en diversos idiomas, que ofrece guías-servizos de información turística, visitas “á carta” e asesoramento e deseño de produtos turísticos), VigoPeques (plataforma online de turismo familiar, en formato blog, para a organización de viaxes en familia, educación e lecer infantil en Galicia e Portugal), e Albergue Turístico A Guarda

(casa mariñeira de 1957 do casco urbano de A Guarda, orientada ao aloxamento de peregrinos do Camiño Portugués a Santiago).

As persoas responsables das empresas seleccionadas recibiron un programa intensivo de tutorías individualizadas con expertos en tecnoloxía, imaxe dixital e competitividade, entre outras. Tamén houbo sesións grupais sobre a relevancia da innovación, novas oportunidades e marketing dixital. As sesións abordaron dende os pasos para a creación dunha empresa á creación dun portfolio de produto diversificado ou busca de novos nichos de



mercado aínda por explotar, entre outras cuestións. Grazas a esta iniciativa, estas empresas melloraron a súa estratexia TIC cara a unha maior competitividade tanto no ámbito de marketing e publicidade como en comercialización.

A aceleradora é unha iniciativa posta en marcha polo servizo TurisTIC da Deputación, creado no ano 2018 para dar

asesoramento específico a este sector na introdución ás novas tecnoloxías. Á súa vez forma parte da Rede SmartPeme, que naceu en 2016, como servizo de asesoramento e apoio ás persoas emprendedoras, autónomas e PYMES da provincia de Pontevedra na mellora da eficiencia, produtividade e competitividade a través do uso de ferramentas tecnolóxicas.

Gonzalo Caballero sinala que Feijoo “Non é o modelo para a Galicia nin para a España do futuro” tralo seu “fracaso electoral”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, asistiu hoxe ao acto de homenaxe aos alcaldes, deputados e representantes políticos fusilados en agosto de 1936 en Vigo, tralo cal destacou o “compromiso” dos socialistas coa memoria histórica e coa defensa das liberdades.

Díxoo o líder dos socialistas galegos nun momento no que “as tres dereitas seguen apostando por camiños que nos levan á involución e ao retroceso” e no que os seus pactos en comunidades como Madrid ou Andalucía “poñen en risco moitos avances acadados no país”.

Ao fío disto, Gonzalo Caballero falou do intento do PP de sacar adiante a marca ‘España Suma’ -da que xa se descartou Ciudadanos- como fórmula para “escapar” do feito de que obtivo “os peores re-

sultados electorais”.

Ocorreu, como sinalou o máximo dirixente do PSdeG, tanto en Galicia como en España, a pesares do cal “Feijóo non quere ver a realidade” ao autoproclamarse o referente da dereita. “Di que é o exemplo para Casado, pero non”, engadiu, para aludir a que Feijóo levou ao PP a perder as eleccións “por primeira vez na historia de Galicia”.

“Feijóo non é modelo para a Galicia do futuro nin para a España do futuro”, proseguíu Gonzalo Caballero, ao recordar que “o 55% dos galegos votaron por forzas de progreso lideradas polo PSdeG”. “A súa etapa está esgotada e xa hai unha nova maioría social farta dos seus recortes”, apuntou. **“Respaldo” a Pedro Sánchez**

Dito isto, a preguntas dos xornalistas, o secretario xeral manifestou “todo o respaldo do PSdeG” a Pedro Sánchez nas

negociacións que está levando a cabo para que España conte “cun goberno progresista”.

“Temos como opción preferente un goberno progresista, pero estamos preparados para ir a eleccións”, engadiu Caballero, consciente de que “frente a Pedro Sánchez e o PSOE “non hai ningunha opción”.



REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUÍTA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 · 1º B
654 07 57 51

O MORRAZO

O 12º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu programa 128 filmes e 65 actividades

O 12º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu “terá un enorme impacto cultural na nosa contorna”, ao programar un total de 65 actividades entre proxeccións e propostas paralelas durante nove días, do 6 ao 14 de setembro. Así o explicou o director do FICBUEU, Manuel Pena, na presentación do evento celebrada esta mañá a bordo dun catamarán da Naviera Nabia. No acto interviñeron ademais representantes do Concello de Bueu, da Deputación de Pontevedra e da Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia, principais institucións cofinanciadoras.

O director da Agadic, Jacobo Sutil, apuntou que “o sector audiovisual galego vive un momento brillante”, tanto no relativo á produción como á difusión e formación de novos públicos que xeran os festivais, destacando “a potencia que

está a acadar o FICBUEU e o seu crecemento continuo”. Tamén a responsable de Cultura da Deputación de Pontevedra, Victoria Alonso, salientou que “a xente á que lle gusta o cinema ten este festival na súa axenda” e lembrou que as curtas adoitan abordar temáticas sociais de plena actualidade, como o papel da muller, o colectivo LGTBI ou as migracións. Ao tempo, o FICBUEU resulta “un festival inclusivo, con propostas para todos os públicos, que se celebra nunha contorna marabillosa, polo que ten todos os ingredientes para que resulte un éxito”, asegurou a deputada provincial.

O alcalde de Bueu, Félix Juncal, subliñou a colaboración entre administracións para impulsar “un proxecto cultural tan ambicioso como este, que cada ano evoluciona completando e diversificando a súa oferta, polo que é un pracer camiñar ao seu carón”.

O director do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu explicou que o certame acadará este ano unha serie de cifras récord, ao proxectar 128 filmes dos que 70 se verán por primeira vez en Galicia e, desas, 30 exhibiranse por vez primeira en España “o que amosa a dimensión do lugar que ocupa o FICBUEU dentro da industria cinematográfica”, de maneira ademais que “o público poderá achegarse a obras doutro xeito inaccesibles”, concluíu.

A xefa de produción do festival, María Ruiz-Falcó, repasou o amplo programa desta duodécima edición, na que haberá as catro seccións habituais (Galicia R, España, Internacional e Panorama) e dúas novas, Experimental e Nouvelle Vague, amais das destinadas ao público máis novo. Organizaranse asemade charlas con profesionais de recoñecido prestixio, como o actor Luís



Zahera, o director Xacio Baño, o produtor Sergio Frade ou a directora de arte Elia Robles, canda dous encontros sectoriais protagonizados polas asociacións Proxecta e CREA.

A realización en directo de espazos radiofónicos, de ámbito estatal e autonómico, con convidados da talla de Paco Plaza, Mabel Rivera, Uxía Blanco ou María Vázquez, é outro dos eixos do FICBUEU 2019, xunto co monólogo humorístico de Miguel Lago e unha decena de

actuacións musicais, que encabeza Enric Montefusco. O Mercado das Curtametraxes, a Ruta das Tapas 5 Estrelas ou as popostas para a rapazada reunidas baixo o epígrafe Mini-FIC son outras das claves da programación, que pode consultarse ao completo na web www.ficbueu.com, onde tamén se poden adquirir as entradas para as escasas actividades que non son de balde, xa que en case todas o acceso é libre e gratuito.

Jazz, reggae e pop nos concertos do FICBUEU

A música ao vivo terá un destacado papel no programa do 12º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, que se celebra entre o 6 e o 14 de setembro. Os directos estarán encabezados polo artista barcelonés Enric Montefusco, para cuxo concerto xa se poden adquirir as entradas na web do FICBUEU. No entanto, a organización programou ademais unha serie de actuacións de balde protagonizadas por AJB Collective, Caspervek Trio, High Paw, Iván Rodríguez e The Swinging Flamings. A estas súmase o concerto PunkInfantil e a música dos programas de radio, como a de Agoraphobia en Carne Cruda.

O 12º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu arrincará o 6 de setembro ás 20 horas cun concerto ambiental nas inmediacións do Centro Social do Mar, onde membros da Asociación de Jazz de Bueu, baixo a denominación AJB Collective, se encargarán de entoar o saxo, a batería e o banjo, que continuarán soando tanto no acto inaugural como ao seu remate. Na mesma xornada, ás 22.30 horas, a música trasladarase ao interior do auditorio da man de Caspervek Trio, coa actividade ‘Panorama de cinema mudo: 15 anos de pioneiros da sétima arte (1902-1917)’. O grupo encargárase de poñerlle banda sonora a tres obras xa habituais do seu

repertorio, e estreará outras dúas. Deste xeito, proxectaránse con música en directo cinco fitas capitais da orixe do cinema, asinadas por Mèliès, De Chomón, Chaplin, Guy e Griffith.

Na fin de semana, ás 12.30 horas, desenvolveranse no exterior do Centro Social do Mar as sesións vermú do FICBUEU 2019, nas que o público poderá degustar un Vermut Lodeiros de produción galega. A do sábado día 7 estará amenizada por High Paw meets Mr. Mou, dúo no que a singjay e guitarrista High Paw, nova promesa do reggae estatal, estará acompañada por Mr. Mou ao casiotone. O domingo 8 será a quenda para Iván Rodríguez Covers,



Caspervek Trio

show no que o cantante, con máis de 25 anos de experiencia, versionará clásicos do pop e do rock. O sábado ás 22.30 horas terá lugar ademais o xa citado concerto de Enric Montefusco.

A música volverá ás inmediacións do Centro Social do Mar o sábado 14 de setembro ás 20 horas con The Swinging Flamings para trasladarnos á

Nova Orleans dos anos 20. Será un concerto con moito swing que reúne a esencia das big bands norteamericanas e que dará paso á Gala de Clausura, coa que se pechará o FICBUEU 2019. Tanto esta actuación como a da xornada inaugural contan co apoio da Deputación de Pontevedra a través do Plan Pontegal.

I Concurso Miñomáxico de Máxia de Rúa

O sábado 17 de agosto celebrouse en Tui o I Concurso Miñomáxico de Máxia de Rúa cunha altísima afluencia de público que abarrotou tódalas prazas nas que actuaron os magos e maga participantes.

Máis de 400 persoas, maioritariamente público familiar, que durante 3 horas disfrutaron da maxia desprazándose de praza en praza.

Empezaba Mago Deimi de Ribadavia no entorno do Palco da Música. Seguía o Mago Zanas de Tomiño nos soportais da Corredera. De ahí pasamos á praza de San Fernando, diante da Catedral onde actuaba o Mago Paco de Marín. Baixamos despois ata a praza de Fromista onde Samuel Moreno, un dos organizadores actuaba fóra de concurso. Seguimos polo casco vello e en San Telmo estaba a Maga Paula de Vigo, única chica e a máis xoven con tan só 12 anos. E finalmente voltamos a San Fernando para rematar coa actuación de Xulio Merino que pechaba o concurso.

Despois do reconto das votacións do público, proclamáronse os gañadores e fíxose a entrega de premios na que contamos coa presenza do Alcalde de Tui, D. Enrique Cabaleiro, o Concelleiro de Patrimonio e Turismo, D. Laureano Alonso, e a Concelleira de Cultura Dña. Sonsoles Vicente que



Participantes e organizadores

fixeron entrega dos premios:

O Gañador foi Xulio Merino, recibindo trofeo e 300€, o segundo mais votado foi O Mago Zanas, co trofeo e 200€, e o terceiro foi o Mago Deimi, con trofeo e 100€.

Así mesmo O Mago Paco e a Maga Paula recibiron unha placa de recordo pola súa participación.

Agradecer dende MiñoMáxico como organizadores do evento, Samuel Moreno e Javier Argüelles, a colaboración e apoio do Concello

de Tui, especialmente de Laureano Alonso que dende o primeiro momento apostou pola "nosa maxia". Tamén ás empresas que puxeron o seu grao de area para que isto fose posible. E por suposto ao público, nenos, nenas e adultos que nos "desbordaron" coa súa presenza e participación neste I Concurso de Maxia de Rúa de Tui, GRAZAS!

Queda aínda sorteo de agasallos entre os que votaron e que esta semana faremos en directo na Radio Municipal de Tui e publicaremos nas nosas redes sociais.

E dicir que dende xa, empezamos a traballar na segunda edición, aprendendo dos erros cometidos, tendo en conta suxerencias recibidas e sempre felices e ilusionados de traer Maxia de primeiro nivel a Tui.



I Concurso Fotográfico Enmárcate en Tui



O Concello de Tui, a través das concellerías de Turismo e Patrimonio, convoca o I Concurso Fotográfico "Enmárcate en Tui". No mesmo poderase participar coas instantáneas realizadas utilizando o marco que está situado na area de autocaravanas, na antiga ponte sobre o río Tripes, na rúa Martínez Padín.

Neste concurso poderá participar todas as persoas maiores de idade, que o desexen, cun máximo de dúas fotografías. As fotografías deben ser tomadas no marco instalado nesa zona, podendo aparecer na mesma o número de persoas que o autor estime oportuno.

Os interesados en participar no concurso deben enviar as fotografías xunto como modelo de inscrición, que está accesible na web tui.gal ao correo electrónico comunicacion@tui.gal, cubrindo os seus datos: nome e apelidos do autor, lugar de residencia, data na que foi tomada a instantánea, teléfono e correo electrónico, ademais da autorización para publicar a foto nas redes sociais do concello, así como noutros medios de comunicación en caso de resultar gañadora e a autorización expresa de publicación si aparecen menores na mesma.

As fotografías deben enviarse até o 30 de setembro. O xurado, nomeado polo Concello, dará a coñecer o seu fallo o venres 4 de outubro. A persoa gañadora recibirá unha figura decorativa réplica do pórtico da Catedral de Tui.



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



BAIXO MIÑO

O Concello de Oia se reúne coas traídas veciñais para explicar o Plan de apoio 2020-2023

O Concello de Oia convocou aos membros das directivas das traídas veciñais do municipio a unha reunión o pasado mércores 21 de agosto, no Centro Cultural de Pedornes, para pedir a súa colaboración e recoller as opinións e información necesaria para concretar as axudas do Plan de apoio as traídas veciñais de Oia 2020-2023.

Á reunión asistiu o técnico, Adolfo Azcárate, con máis de 20 anos de experiencia en legalización de aproveitamento de augas e constitución de comunidades de usuarios e regantes, quen explicou aos asistentes: o control sanitario das augas por parte dos xestores de abastecementos; a diferenza entre os distintos tipos de abastecemento; as obrigas dos xestores; o control mediante analíticas; os sistemas de potabilización; o estado e limpeza das instalacións; a elaboración do plan



de autocontrol e xestión do abastecemento; etc.

A Alcaldesa destacou a importancia das traídas veciñais nas zonas rurais e dispersas, da gran labor desinteresada que fan os veciños para asegurar un servizo básico para a poboación, e que é preciso que contén co apoio das administracións para levar a cabo ese cometido con tódalas garantías.

Por outra banda, atendendo á importancia dunha formación adecuada dos membros das directivas para o control sanitario dos abastecementos,

o Concello vai continuar cos cursos de manipulador de auga de consumo humano, atendendo ao interese amosado polos asistentes á reunión. Así, para o mes de outubro se organizará un curso para dar cobertura a esta demanda.

Por outra banda, o Concello ten solicitada unha subvención á Xunta de Galicia para elaborar un Plan de Emerxencia ante a seca, que permitirá realizar unha primeira auditoría sobre o estado das redes de abastecemento para identificar posibles debilidades en todo o termo municipal.

O Concello de Oia contrata unha Técnica Forestal

O Concello de Oia acaba de contratar unha técnica forestal para reforzar o servizo de tramitación de limpeza de fincas, debido a gran cantidade de solicitudes formuladas, para contribuír a mellora da prevención de incendios forestais.

O contrato terá unha duración de 4 meses, prestando servizo no Concello os luns, xoves e venres.

Esta contratación resulta do segundo proceso de selección de persoal iniciado polo Concello, xa que o primeiro, iniciado no mes de marzo, quedou vacante.

As tarefas que realizará a técnica forestal será xestionar as denuncias relacionadas coa Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios e a Lei 7/2012 de Montes de Galicia; a comprobación do cumprimento ou non das obrigas de limpeza das parcelas; as demandas de información sobre autorización de cortas e queimas; a tramitación dos expedientes de corta ou queimas en núcleos e sobre denuncias de vertidos incontrolados; a información sobre a Lei de prevención e defensa contra incendios, fundamen-

talmente sobre distancias do arborado ás vivendas e obrigas dos propietarios forestais, dar charlas informativas sobre cuestións relacionadas coa prevención de incendios; as obrigas de limpeza das parcelas, etc.

Dende o Concello se recorda que os terreos dos núcleos tiñan que estar limpos antes do 31 de maio; así como as franxas de 50 metros en torno aos núcleos de poboación, edificacións e instalacións e franxas de 10 metros das estradas, que deben estar libres de maleza e árbores pirófitos.

Se lle vai a dar prioridade as fincas de maior risco para a poboación, recordando que se as limpeza de fincas non se executan poden ser obxecto de sanción ou limpeza subsidiaria, previos os trámites legais correspondentes, repercutindo o gasto aos propietarios.

En materia de prevención de incendios, a Alcaldesa sinala que “o Concello tamén asinou por terceiro ano consecutivo un Convenio coa Consellería de Medio Rural, para a cesión dunha moto-bomba e a subvención dos costes laborais de tres condutores, durante tres meses”.

Conferencia de Anxo Rodríguez Lemos sobre a Colexiata de Santa María de Baiona

O pasado 14 de agosto, Anxo Rodríguez Lemos, historiador e doutorando na USC e membro do IEM, ofreceu a conferencia titulada Os tempos na Colexiata de Santa María de Baiona, organizada polo Instituto de Estudos Miñoranos en colaboración co concello de Baiona. Esta tivo lugar na Capitanía Marítima de Baiona.

De influencia cisterciense, o templo parroquial de Santa María de Baiona, elevado a colexiata en 1482 conservando o rango ata mediados do século XIX, está posiblemente asentado sobre unha igrexa anterior, máis pequena, de-



pendente da “uillam Erizanam” que Alfonso VII e Berenguela doan en 1137 ao eremitorio de San Cosme e San Damián.

A conferencia, impartida polo historiador e doutorando na Universidade de Santiago de Compostela Anxo Rodríguez Lemos, recentemente investi-

gador no Archivo Segreto Vaticano, permitirá facer un percorrido polos distintos tempos en que foi construída e remodelada, así como entender a súa impronta, entre as doce colexiatas galegas e as tres da diocese tudense, como centro reitor de toda unha vila no relixioso.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA

TOMIÑO

José María Gude será o homenaxeado no acto cívico do Alivio

O Concello de Tomiño homenaxeará ao José María Gude Méndez o domingo 15 de setembro dentro da programación das Festas do Alivio. O Concello destaca a súa aportación á recuperación e valorización do patrimonio etnográfico do municipio.

José María Gude, máis coñecido como Pepe Gude, naceu na aldea de Serois, Calvos de Randín, en 1951. Estudou maxisterio en Ourense aprobando as oposicións para mestre en 1975. No ano 1977 chega a Tomiño e comeza a súa andaina docente no Colexio Mosteiro, hoxe CEP Pedro Caselles, onde impartiu aulas até que se traslada ao IES Tomiño, hoxe IES Antón Alonso Ríos, onde se xubilará.

Pepe Gude pertence a unha xeración de mestres involucrados no ensino práctico, na valorización do saber popular e no coñecemento das tradicións do rural. Un aspecto ao



que dedicou esforzos recollendo a memoria popular e que materializou en obras como Mitos e lendas de Tomiño ou Val de Tebra, unha historia por escribir.

Desta preocupación polo patrimonio inmaterial, naceu o grupo "Airiños de Tebra".

Unha formación de música e baile tradicional que formou a varias xeracións de mozos e mozas. Os "Airiños de Tebra" levou o nome de Tomiño máis alá das fronteiras peninsulares, visitando en dúas ocasións Arxentina onde recibiron a "Medalla de Honra á Galeguidade". No ano 2005 inclúen na súa xeira Uruguai onde foron acollidos polos tomiñeses na emigración.

Todo un acontecemento no seu momento que liderou Pepe Gude. Un home caracterizado polo seu activismo no asociacionismo cultural local e polo seu voluntarismo. Unha traxectoria longa enraizada na vida local tomiñesa.

Actualmente, Pepe Gude forma parte da Asociación de Coches Clásicos do Baixo Miño a fronte da cal leva tempo percorrendo camiños e visitando lugares dentro de España e do veciño Portugal levando sempre o nome de Tomiño.

Continúa a procura do mozo desaparecido no río Miño



Continúan os labores de procura do mozo portugués de 23 anos, que desapareceu a tarde do domingo pasado durante a proba de natación do Tríatlon dá Amizade, que se desenvolve entre a Parroquia de Goian (Concello de Tomiño) e Vilanova de Cerveira, na marxe portuguesa do Río Miño.

A Armada Española, a través da Comandancia Naval do Miño e a Marinha Portuguesa a través da Capitanía de Porto de Caminha, lideran o dispositivo de procura e están a coordinar os medios na zona.

No día 3, empregáronse nunha ampla zona os equipos

de detección subacuática e realizáronse inmersións nun período de 4 horas, mentres a corrente permitía. Investigáronse visualmente até 15 obxectos mergullados descartándose todos eles.

Até o momento a procura foi infrutuosa.

Ao obxecto de prolongar no tempo as tarefas e ampliar a zona de procura, axustouse a diversidade de medios dispoñibles.

A Comandancia Naval do Miño solicita a colaboración de pescadores e clubs deportivos para a localización do mozo. O aviso inclúe tamén aos concellos ribeireños coma Tomiño, O Rosal e A Guarda.

As máis de 50 obras do Certame de pintura Antonio Fernández 2019, poden visitarse na Bienal de Arte de Cerveira

As máis de 50 obras do Certame de pintura ao aire libre Antonio Fernández 2019, poden visitarse na Fundación Bienal de Arte de Cerveira. A mostra inclúe as tres obras premiadas, estando a disposición das persoas interesadas o contacto dos autores para posibles compras.

O sétimo certame de pintura ao aire libre tivo lugar en Goián e Vila Nova de Cerveira o 18 de agosto pasado, dando a oportunidade a disfrutar da arte de pintores cunha longa experiencia nesta modalidade e tamén de novas figuras procedentes de varios puntos da Península e Estranxeiro.

O Certame naceu no ano 2012 froito da programación do "Ano Antonio Fernández", iniciándose unha andaina que a día de hoxe móstrase como unha cita cultural consolidada. Como novidade, este ano o evento ampliou o seu percorrido a Cerveira, formando parte da programación Eurocidade Cerveira-Tomiño e grazas á participación da Fundación da Bienal de Arte. Deste xeito, ambas vilas foron retratadas polos artistas que visitaron ambos os dous municipios fronteirizos.

As obras premiadas foron unha vista de Cerveira dende a praia de Goián, de Rafael Carrasco (Toledo) que se fixo

co primeiro galardón. O segundo e terceiro premio foron para Leticia Gaspar (Bilbao) e para Antonio Lorenzo (Mondariz). O 1º premio estivo dotado con 1.500€ e financiado polo Concello de Tomiño, mentres que os dous seguintes (2º e 3º) con 500€, custeados pola Comunidade de Montes de Goián e pola Fundación da Bienal de Cerveira, respectivamente.

O Certame de Pintura ao Aire Libre Antonio Fernández integra as actividades desenvolvidas pola Eurocidade Cerveira-Tomiño, no ámbito da Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Amizade Cerveira-Tomiño, un pro-



xecto cofinanciado ao 75% polo programa INTERREG VA POCTEP, con fondos FEDER da Unión Europea.

Datas da exposición: 27 de xullo a 7 de setembro de 2019

Horario: martes a venres (terça a sexta-feira): 15h00 a 19h00



BAIXO MIÑO

A GUARDA

O patrimonio do casco urbano da Guarda dáse a coñecer con visitas guiadas

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Turismo, ven de iniciar un programa de visitas guiadas polo casco urbano que se realizan todos os mércores e xoves ata o 15 de setembro.

As visitas son de carácter gratuíto e non é preciso inscrición previa, tan só achegarse ás 12:00h ao punto de encontro, que é a Oficina de Turismo da Praza do Reló. Dende a Praza do Reló o grupo sae para coñecer o patrimonio da Guar-

da en dúas visitas distintas, os mércores ten lugar a Visita singular no casco histórico: "Prazas antigas e novas" e os xoves a Visita singular da época moderna: "Castelo de Santa Cruz".

Unha oportunidade excepcional, tanto para visitantes coma para veciños, de coñecer o noso pasado a través de explicacións «in situ», grazas ao persoal do departamento de turismo municipal, visitando diferentes espazos do casco urbano da Guarda coma a Igrexa Parroquial, o Castelo

de Santa Cruz, o muro, prazas e monumentos.

A duración estimada destas visitas é de aproximadamente 60 minutos.

Horarios da Rede de Museos

A Rede de Museos da Guarda, formada polo Museo Arqueolóxico de Santa Trega-MASAT, o Museo do Mar e o Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz informa dos novos horarios para esta tempada estival.

MASAT: De martes a domingo de 9:00h a 21:00h e de 10:00h a 20:00h no mes

de setembro.

Museo do Mar: Os fins de semana e festivos de 11:00h a 14:00h e de 18:00h a 21:00h.

Castelo de Santa Cruz: Espazo público aberto de 10:00h a 21:00h.

Centro de Interpretación das Fortalezas do Miño: Os fins de semana e festivos de 11:00h a 14:00h e de 18:00h a 21:00h.

Oficina de Turismo na Praza do Reló: Aberto de 10:00h a 14:00h e de 16:30h a 19:30h de luns a domingo.

Unidade de doazóns de sangue na Guarda o 6 e 7 de setembro

A unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia estará instalada na Guarda o venres día 6 e sábado día 7 de agosto.

Este autobús estará emprazado na Rúa Rosalía de Castro (Ao Carón do Centro Cultural) o venres 6 en horario de 10:00 ás 14:00 e de 16:00 ás 21:00 horas e o sábado 7 en horario de 10:00 ás 15:00 horas.

O Centro de Transfusión de Galicia, grazas ao emprego destas unidades móbiles intenta facilitar o solidario xesto de doar sangue a todos os cidadás. Sen a implicación de todos é imposible acadas as 500 doazóns de sangue que se precisan nos hospitais galegos.

O Concello da Guarda reclama un parque seguro para Concepción Arenal

O pasado mércores 28 de agosto rematouse a instalación do parque infantil de Chan de Conde na rúa Concepción Arenal, na Guarda.

Entendendo que os elementos do parque tal como están instalados, nunha superficie inclinada, poden resultar inseguros, o alcalde da Guarda Antonio Lomba, mantivo contactos co promotor da obra, a Deputación de Pontevedra, e coa empresa que está a executala, para trasladarlle a súa preocupa-



ción e insatisfacción pola inseguridade e o acabado estético do parque.

Reclamou dos responsables da obra que tomen as medidas necesarias para certificar que o parque é seguro e

cumpre coa normativa. De non ser así, instou a que fagan as actuación e correccións necesarias para que a instalación poda usarse polos máis pequenos con tódalas garantías.

Socorristas da Guarda participan nun simulacro de emerxencias

Na xornada deste xoves día 29 de agosto de 2019 os socorristas, que prestan os seus servizos nas praias guardesas, tiveron a oportunidade de facer unha práctica de salvamento moi importante para a súa formación, que contou coa participación do Helicóptero Pesca1 do servizo de Gardacostas de Galicia.

Neste exercicio participaron 2 socorristas coa embarcación e o helicóptero Pesca1, simulando o rescate dunha persoa



empregando un moneco, que foi lanzado á auga e despois rescatado e izado no helicóptero.

Os bañistas do areal do Muíño, na desembocadura do Río Miño, presenciaron asombrados este simulacro, que tivo unha duración de 20 minutos.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

A GUARDA

A Paisaxe do Camiño Portugués da Costa presente na 15k do Atlántico 2019



O vindeiro 29 de setembro regresa unha das probas deportivas con maior número de participantes na Comarca do Baixo Miño, a 15k do Atlántico, que este ano trae moitas novidades coma unha ruta en patíns, charlas, ruta en cabalo, unha obra de teatro, a tradicional andaina e, como non podería ser doutra forma, a carreira.

As inscricións para participar na 15k do Atlántico están xa abertas na web www.bancomediolanum15kseries.com contando xa con

case 200 inscritos na modalidade de carreira. A Carreira partirá como cada ano dende o Campo de Fútbol de Oia, percorrendo parte do trazado do Camiño Portugués da Costa pasando polo Rosal ata chegar ao Porto da Guarda, onde estará a liña de meta.

As actividades programadas entorno a este evento deportivo arrancarán xa na xornada do venres día 27 de setembro cunha importante novidade, unha charla a cargo do historiador e investigador F.J. Costas Goberna, quen falará sobre «A Paisaxe

do Camiño Portugués da Costa» ás 20:00h no Centro Cultural de Mougás, no termo municipal de Oia.

Fernando Javier Costas Goberna nace no ano 1953, sendo moi recoñecido polas súas aportacións ao coñecemento da Arte Rupestre do Noroeste da Península Ibérica participando en diversas publicacións, formando parte activa na vida diaria de Oia, coma membro destacado de varios colectivos coma ACA-MO, a Comunidade de Montes ou mesmo no Instituto de Estudios Vigüeses.

Inscricións abertas para a XXIV Travesía a nado do Porto da Guarda



O vindeiro sábado día 7 de setembro terá lugar no Porto da Guarda a XXIV edición da Travesía a Nado do Porto da Guarda, un evento que congrega cada ano a un bo número de deportistas profesionais e amateurs.

Promovida e xestionada pola Concellería de Deporte da Guarda e Noko Deporte y Salud. Contará coa colaboración do club de Remo Robaleira, Club ALAGUA e Confraría de Pescadores Santa Tecla.

As inscricións están xa abertas ata o 4 de setembro na web www.galitiming.com contando con dous percorridos de 400m. (Categorías A, B, C e D) e de 1200m. (Categorías E, F, G, H, I, J, K e L)

Como novidade esta edición estará cronometrada polo que a inscrición ten un custe de 6€ inscritos ata o 31 de agosto

e 8€ inscritos entre o 1 e o 4 de setembro. As categorías de nenos (A, B, C e D) son de balde. A inscrición inclúe: Gorro numerado, seguro accidentes, cronometraxe e avituallamento final.

Os nadadores non federados menores de 18 anos precisan que o pai, nai ou titor autorice a súa participación. O impreso de autorización debe enviarse asinado previamente a info@noko.es ou, en último caso, pode entregarse no momento de recollida do gorro.

A proba comezará ás 12:00h no Porto da Guarda, con saída dende as escaleiras do muelle, facendo un percorrido polo interior do recinto portuario, marcado por boías. O neopreno só se poderá utilizar se a temperatura da auga e menor aos 18º ou por decisión da organización.



Os 34 concellos que se adheriron ao programa “Tecendo lazos” abrirán en setembro a inscrición para participar nos obradoiros

O Boletín Oficial da Provincia publicou a relación dos 34 concellos adheridos este ano ao programa da Deputación de Pontevedra “Tecendo Lazos”, unha iniciativa que se desenvolve por cuarto ano consecutivo e que está dirixida a persoas de todas as xeracións, co obxectivo de crear espazos onde as persoas dunha mesma familia e doutras poidan xuntarse e intercambiar experiencias arredor das temáticas dos obradoiros ofertados. O programa busca tamén promover valores que creen lazos afectivos entre as persoas participantes, así como facilitar un envellecemento activo ás persoas maiores e, no caso dos máis pequenos e pequenas, que adquiran habilidades novas e empatía cara a outras xeracións.

“Tecendo Lazos 2019”, dirixido a persoas que teñan entre 6 e 99 anos e no que a Deputación inviste nesta edición 60.000 euros, chegará así aos

concellos de Poio, Ponte Caldelas, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, A Lama, Vilaboa, Valga, Barro, Portas, Moraña, Gondomar, Vila de Cruces, Forcarei, Bueu, A Illa de Arousa, Soutomaior, Fornelos de Montes, Campo Lameiro, A Guarda, Pontecesures, Salceda de Caselas, A Cañiza, Caldas de Reis, Moaña, Cuntis, Covelo, Meis, Ro-deiro, O Rosal, Baiona, Silleda, Ribadumia e O Porriño.

Coa publicación do anuncio no BOPPO, os concellos dispoñen agora dun prazo de dez días hábiles contados a partir deste xoves para abrir o prazo de inscrición nos distintos obradoiros ofertados, co que se prevé que o trámite se leve a cabo a primeiros de setembro. As persoas participantes deberán cubrir o formulario de solicitude que poderán obter no seu concello ou na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). Do mesmo xeito, a relación de concellos e a temática do obra-



doiro escollida por estes figura na páxina web corporativa da institución provincial: www.depo.gal.

No que respecta aos obradoiros, o máis solicitado, cun total de 11 peticións, é “Risos en familia”, que busca crear un espazo no que as persoas participantes aprendan a rir en contornas familiares. Pola súa banda, a acción “Faino ti”, que é un taller de expresión plástica e traballo manual con obxectos reciclados e reutilizados, foi aprobado para 10 concellos. No caso de “Xogos e xoguetes

tradicionais”, concedeuse a un total de 8 concellos e nel, as persoas participantes non só compartirán xogos tradicionais cos que xogaban as máis maiores, senón que deberán construílos e ao contrario: as cativas e cativos tamén lle poderán ensinar ás xeracións maiores os xoguetes cos que xogan agora. Por último, 6 concellos da provincia impartirán o obradoiro “O noso son: bailes de agora e de sempre”, que traerá á actualidade os bailes e cancións típicas da zona.

Ao igual que na pasada edi-

ción, os obradoiros contarán co módulo “A historia do meu concello” no que se darán a coñecer lendas, historias, contos ou fotografías de cada concello para promover a transmisión de coñecementos, por unha banda, e a participación conxunta, pola outra. As persoas participantes de cada obradoiro elaborarán un proxecto final no que plasmarán todo o que aprenderon sobre a súa vila. Poderán ser en formato dossier, vídeo, audio ou maqueta/mural. Das 16 horas de duración dos obradoiros, dedicánselle a este módulo un mínimo de 4. A Deputación organizará un concurso entre todos estes traballos e as persoas que elaboren o gañador recibirán un agasallo institucional e 50 copias da súa obra.

O pasado ano 2018 realizáronse un total de 21 obradoiros, nos que participaron preto de catrocentas persoas, cunha media de 18 alumnos e alumnas en cada un.

As “DepoRutas BTT” abríronse cunha excelente acollida en Meis e teñen a próxima cita o 15 de setembro en Silleda

Máis de 200 persoas gozaron en Meis da Ruta BTT á que seguirá a etapa do Deza para a que a Deputación abriu hoxe o prazo de inscrición

Un día despois da exitosa estrea da terceira edición das “DepoRutas BTT”, a Deputación de Pontevedra abriu esta mañá o prazo de inscrición para a segunda cita do ano, que terá lugar en Silleda o vindeiro 15 de setembro. O concello de Meis recibiu este domingo a máis de 200 amantes do ci-

clismo BTT que gozaron do circuito de 41,29 quilómetros, cunha proba realmente esixente que descorreu por puntos de interese turístico como os montes Escusa, Arcos e Castrove ou o Mosteiro de Armenteira, entre outros.

Tras esta cita de Meis, a seguinte “DepoRuta BTT” terá lugar o 15 de setembro en Silleda. Para esta proba o prazo de inscrición para as 300 prazas dispoñibles está aberto na web da Deputación de Pontevedra. O prazo pecharase o 11 de se-

tembro ás 12.00h. A “DepoRuta BTT” de Silleda conta cun percorrido circular de 31,88 quilómetros. Terá como punto de saída a Praza da Feira da vila de Bandeira e durante o percorrido pasarase por lugares destacados como a igrexa do Castro, o Mosteiro de Carboeiro ou Fervenza da Toxa.

Este ano o programa “DepoRutas BTT” ofrece 5 rutas totalmente gratuítas, dúas máis que na anterior edición, e cun máximo de 300 participantes en cada unha delas. O



obxectivo da iniciativa da Deputación de Pontevedra é fomentar o deporte á vez que se pon en valor os montes da provincia, a súa riqueza natural, ecolóxica e patrimonial

inigualable. O programa está dirixido a todas aquelas persoas maiores de 16 anos que gocen do deporte en contacto coa natureza e aposten por actividades sustentables.